1. La contratación de personal laboral, así como los nombramientos de personal funcionario y estatutario habrán de realizarse con carácter fijo, indefinido o permanente, según proceda.

No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.

Seis. Aprobación de la Oferta de Empleo Público.

1. La Oferta de Empleo Público de la Administración General del Estado, sus organismos públicos y demás entes públicos estatales se aprobará por el Gobierno, a iniciativa de los Departamentos u Organismos competentes y a propuesta del Ministerio de Hacienda y Función Pública. En el caso de las Fuerzas Armadas la aprobación será previo informe favorable del Ministerio de Hacienda y Función Pública y a propuesta de la persona titular del Ministerio de Defensa. En todos los casos será necesaria la previa valoración e informe sobre su repercusión en los costes de personal.

2. Corresponde a la Secretaría de Estado de Función Pública la competencia para convocar los procesos selectivos de acceso a los Cuerpos y Escalas de funcionarios adscritos a dicha Secretaría de Estado, así como los correspondientes al acceso como personal laboral sujeto al Convenio Único de la Administración General del Estado, en plazas reservadas para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual.

3. Con el objeto de posibilitar la adecuada optimización de los recursos humanos existentes en el sector público, la Secretaría de Estado de Función Pública, previo informe preceptivo de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos sobre el impacto presupuestario, podrá autorizar a los organismos autónomos y agencias



estatales y entes públicos a contratar a personal funcionario o laboral fijo con destino en Departamentos u Organismos Públicos del sector público estatal, así como en aquellos ámbitos que presenten especiales dificultades de cobertura, a reservistas de especial disponibilidad que se encuentren percibiendo, hasta el momento de la celebración del contrato, la asignación por disponibilidad en la cuantía y condiciones previstos en el artículo 19.1 de la Ley 8/2006, de 24 de abril, de Tropa y Marinería. El Ministerio de Hacienda y Función Pública, a través de la Secretaría de Estado de Función Pública, determinará el procedimiento por el cual se garantizará la publicidad y libre concurrencia en este tipo de contrataciones. Los contratos celebrados al amparo de lo establecido en este apartado, así como los contratos o nombramientos que en aplicación del apartado Dos se realicen con personal funcionario, estatutario o laboral con una relación preexistente fija e indefinida en el sector público generarán derecho, desde la fecha de su celebración, a seguir percibiendo el complemento de antigüedad en la misma cuantía que se viniera percibiendo en el Departamento Ministerial u Organismo Público de procedencia, que se actualizará conforme a lo establecido en las sucesivas leyes de Presupuestos Generales del Estado.

**Siete. Seguimiento de la Oferta de Empleo Público.**

Con el fin de permitir el seguimiento de la Oferta, las Comunidades Autónomas y las Universidades Públicas deberán remitir al Ministerio de Hacienda y Función Pública, a través de la Secretaría de Estado de Función Pública:

a) Una certificación, que se enviará en el mes de enero, con el número de bajas y altas tenidas en cuenta en el cálculo de la tasa de reposición, incluidas las producidas por concursos de traslado como consecuencia de los procedimientos de movilidad voluntaria entre distintas Administraciones Públicas en el año inmediato anterior.

b) La Oferta de Empleo Público publicada en el ejercicio.

c) Cualquier otra información que les sea requerida para realizar dicho seguimiento.

d) En el caso de la tasa específica a que se refiere el apartado dos.4, y en los términos previstos por el citado precepto, será preciso remitir el instrumento de planificación que ampare la aplicación de la tasa, así como certificado que identifique las plazas afectadas.

e) Asimismo, en el caso de ofertas de empleo público derivadas de procesos de estabilización, con el fin de permitir el seguimiento de la oferta, las Administraciones Públicas deberán certificar al Ministerio de Hacienda y Función Pública, a través de la Secretaría de Estado de Función Pública, el número de plazas estructurales ocupadas de forma temporal existente en cada uno de los ámbitos afectados.

**Ocho. Autorización de contratación de personal laboral del sector público estatal.**

1. En el sector público estatal están sujetos a la autorización previa del Ministerio de Hacienda y Función Pública, a través de la Secretaría de Estado de Función Pública, previo informe preceptivo de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos sobre el impacto presupuestario:

a) La contratación de personal laboral temporal y el nombramiento de funcionarios interinos y de personal estatutario temporal.

b) La contratación de personal fijo o temporal en el extranjero con arreglo a la legislación local o, en su caso, legislación española.

**Nueve. Carácter básico del artículo.**

Los apartados uno, dos, tres, cuatro, cinco y siete de este artículo tienen carácter básico y se dictan al amparo de los artículos 149.1.13.<sup>a</sup> y 156.1 de la Constitución.

Neste intre, as prazas do Cadro de Persoal do Orzamento do 2026 que están incluídas para a súa cobertura nunha OEP, son as seguintes:

| Prazas vacantes do cadro de persoal 2026 | Inclusión en OEP                                                                                                                    |
|------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Arquitecto Técnico (2001)                | Vacante (posto ocupado por persoal laboral fijo, pendente de funcionarización, incluído na OEP ordinaria 2023, BOP 243 do 22.12.23) |
| Administrativo (1004)                    | Vacante<br>(incluído na OEP ordinaria 2023, BOP 243 do 22.12.23)                                                                    |



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

|                                    |                                                                    |
|------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
| Auxiliar Administrativo (4005)     | Vacante<br>(incluído na OEP ordinaria 2023, BOP 243 do 22.12.23)   |
| Oficial de 2ª e tractorista (4108) | Vacante<br>(incluído na OEP ordinaria 2023, BOP 243 do 22.12.23)   |
| Xerocultor (4208) 2 prazas         | Vacante: 2 (incluídas na OEP ordinaria 2024, BOP 97 do 21.05.24)   |
| Terapeuta Ocupacional (4207)       | Vacante<br>(incluída na OEP ordinaria 2025, BOP 227 do 26/11/2025) |

As prazas do Cadro de persoal 2026 pendentes de incluír nunha OEP serían as seguintes:

| Prazas vacantes do cadro de persoal 2026 | Pendientes de incluír nunha OEP                                                                                                                                                                                   |
|------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Técnico/a Minas San Fins (5112)          | Vacante<br>(persoal laboral fixo, na situación administrativa de excedencia por incompatibilidade, por desempeño doutro posto dentro do sector público, ao abeiro do artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro) |
| Capataz (3100)                           | Vacante                                                                                                                                                                                                           |

### 3.- Cobertura temporal das prazas vacantes ou nova contratación temporal

Ao igual que o sinalado no apartado anterior, nesta materia haberá que estar ao que se regula na LOXE para o 2026. Na última LOXE aprobada, a do ano 2023, sinalábase:

No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.

Aínda que sempre haberá que estar á regulación desta materia que se faga na LOXE para o 2026, as Bases de Execución do Orzamento, definen os requisitos que deben cumprirse para poder acudir á contratación temporal.

### 4.- Outros límites retributivos: artigo 7 do Real Decreto 861/1986

Por último con respecto aos gastos de persoal, hai que ter en conta as limitacións a determinados complementos –complemento específico, gratificacións e produtividade- do artigo 7 do RD 861/1986.

O artigo 7 do RD 861/1986, aplicable só ao persoal funcionario, sinala:

<<1. Los créditos destinados a complemento específico, complemento de productividad, gratificaciones y, en su caso, complementos personales transitorios, serán los que resulten de restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades



que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino.

2. La cantidad que resulte, con arreglo a lo dispuesto en el número anterior, se destinará:

- a) Hasta un máximo del 75 por 100 para complemento específico, en cualquiera de sus modalidades, incluyendo el de penosidad o peligrosidad para la Policía Municipal y Servicio de Extinción de Incendios.
- b) Hasta un máximo del 30 por 100 para complemento de productividad.
- c) Hasta un máximo del 10 por 100 para gratificaciones.

O cumprimento de tales límites analízase nas seguintes táboas:

| Orzamento 2026                          |            |
|-----------------------------------------|------------|
| Retribucións básicas (SB + Trienios)    | 111.249,22 |
| Complemento Destino                     | 64.878,66  |
| Complemento Específico                  | 85.420,81  |
| Productividade                          | 5.678,68   |
| Gratificacións                          | 3.158,05   |
| Masa retributiva global do funcionarios | 270.385,42 |

|                               |           |
|-------------------------------|-----------|
| Base para cálculo dos límites | 94.257,54 |
|-------------------------------|-----------|

| Concepto retributivo   | Límite    | Importe Orzamento | CUMPRE |
|------------------------|-----------|-------------------|--------|
| COMPLEMENTO ESPECÍFICO | 70.693,16 | 85.420,81         | NON    |
| (máximo 75% da Base)   |           |                   |        |
| PRODUTIVIDADE          | 28.277,26 | 5.678,68          | SI     |
| (máximo 30% da Base)   |           |                   |        |
| GRATIFICACIÓNS         | 9.425,75  | 3.158,05          | SI     |
| (máximo 10% da Base)   |           |                   |        |

Como se observa non se cumpre o límite en relación co complemento específico. Solucionar este incumprimento non é sinxelo.

O espírito da norma (en relación ás retribucións dos funcionarios públicos) é que o salario total non quede suxeito a unha estrutura absolutamente ríxida, que podería significar un certo grao de desmotivación (a famosa expresión coloquial "café para todos").

Así obriga a establecer elementos retributivos de carácter subxectivo, que sirvan de incentivo ao funcionario. Do mesmo xeito, os límites máximos actúan no sentido de impedir a arbitrariedade, evitando que unha parte importante das retribucións poidan recaer en conceptos salariais non fixos na súa percepción nin periódicos na súa vindicación, o que podería supoñer unha "espada de Damocles" sobre o funcionario.



A norma trata de que a estrutura salarial teña:

- Uns elementos obxectivos, ligados ás características do posto de traballo e ao nivel esixido ao funcionario para o seu desempeño.
- Uns elementos subxectivos, ligados ao maior interese, ao grao de iniciativa e ao desempeño da xornada de traballo, etc, que sirvan de incentivo ao persoal para o mellor desempeño do seu traballo.

Das táboas anteriores observamos que o Complemento Específico supera o 75% da base de cálculo. En cambio, as cantidades asignadas a produtividade e gratificacións están moi por debaixo do límite. Existe unha descompensación na distribución destes conceptos retributivos.

Unha primeira solución podería ser a baixada do Complemento Específico. Pero esa baixada non sería legal, pola propia natureza do Complemento Específico. O complemento específico debe ser determinado de maneira obxectiva e responde ás características particulares de cada posto de traballo. Só podería ser modificado, no marco dunha nova valoración dos postos de traballo e fundamentado no cambio das características particulares deses postos.

Se mantemos inalterable o complemento específico, poderían cumprirse os límites retributivos no artigo 7 do RD 861/1986, incrementando as contías destinadas a produtividade e gratificacións, do seguinte xeito (suporía un incremento de 19.706,38 €, en relación co cadro anterior):

| PROPOSTA                |              |
|-------------------------|--------------|
| Retribucións básicas    | 111.249,22 € |
| Complemento Destino     | 64.878,66 €  |
| Complemento Específico  | 85.420,81 €  |
| Productividade          | 19.500,00 €  |
| Gratificacións          | 9.000,00 €   |
| Masa retributiva global | 290.048,69 € |

|                               |              |
|-------------------------------|--------------|
| Base para cálculo dos límites | 113.920,81 € |
|-------------------------------|--------------|

| Concepto retributivo                           | Límite      | Importe Orzamento | CUMPRE |
|------------------------------------------------|-------------|-------------------|--------|
| COMPLEMENTO ESPECÍFICO<br>(máximo 75% da Base) | 85.440,61 € | 85.420,81 €       | SI     |
| PRODUTIVIDADE<br>(máximo 30% da Base)          | 34.176,24 € | 19.500,00 €       | SI     |
| GRATIFICACIÓNS<br>(máximo 10% da Base)         | 11.392,08 € | 9.000,00 €        | SI     |

Esta funcionaria descoñece en que momento se produciu o incumprimento dos límites retributivos do artigo 7 do RD 861/1986. O que é certo é que cada vez que se crea/modifica unha praza de funcionario deben preverse tódolos conceptos retributivos (salario, trienios, complemento de



destino, específico, produtividade e gratificacións) de tal xeito que a creación/modificación de postos non supoña unha distorsión ou incumprimento dos citados límites. Pode ser que nunca se cumpriran. Ou pode ser que na creación das últimas prazas de funcionarios (posto de TAX e auxiliar administrativo) non se contemplasen as cantidades axeitadas para os conceptos de produtividade e gratificacións, e isto motivase o actual incumprimento.

O problema é que aumentar o capítulo 1 nos conceptos de produtividade e gratificacións, suporía un incremento retributivo indirecto, que estaría prohibido polas últimas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Así, ante a tesitura de incumprir un precepto regulamentario (RD) ou un precepto legal (LOXE) é preferible manter o capítulo 1 tal e como está; e deixar para un momento posterior a corrección desta distorsión; xa que a corrección implica incrementar a contía destinada a produtividade e gratificacións.

➤ **Regra da afectación:**

De acordo ca normativa das facendas locais, os ingresos de capital son ingresos afectados a gastos de capital: é a chamada "Regra de afectación".

A comprobación do cumprimento farémola, en termos globais, comprobando que os gastos de capital (capítulos 6 a 9 do estado de gastos) son superiores ca os ingresos de tal natureza (capítulos 6 a 9 do estado de ingresos), xa que do contrario, estes estarían financiando gastos correntes:

| Gastos de capital | Ingresos de capital |
|-------------------|---------------------|
| 529.834,66 €      | 492.742,53 €        |

Cúmprese a regra da afectación:

☒ Si. Á vista dos datos presentados, resulta que os ingresos de capital previstos financian exclusivamente gastos de tal natureza. A mesma conclusión pode extraerse do Anexo de investimentos.

☐ Non

➤ **Existencia de RPT:**

Polo coñecemento desta Secretaría-Intervención, primeiro en réxime de acumulación de funcións, e dende o 01.10.2018 como titular, era precisa unha reordenación do persoal.

Do Anexo de Persoal e Cadro de Persoal de Orzamentos anteriores podía extraerse que a meirande parte dos empregados públicos do Concello de Lousame (un 63,89 %) ostentaban a categoría de "persoal laboral temporal" ou "persoal laboral indefinido non fixo"; estando algúns dos postos vinculados a subvencións e outros non. Sen embargo a gran maioría dos ditos postos non tiñan verdadeira natureza temporal e se mantiñan no tempo máis alá do permitido polo artigo 15 do TRLET.



Debían definirse os postos estruturais que deben existir en función dos servizos municipais e das competencias locais que lle corresponden ao Concello. Valorar correctamente os postos dende un punto de vista económico e definir as súas funcións, incardinándoas dentro do organigrama do Concello. E todo isto, como paso previo para a súa cobertura definitiva, mediante a aprobación da OEP e posterior convocatoria; respectando en todo caso as condicións que establezan as Leis de Orzamentos Xerais do Estado (taxa de reposición de efectivos).

O instrumento oportuno para levar a cabo este proceso de adaptación do persoal que presta o seus servizos no Concello é a Relación de Postos de Traballo, documento de existencia obrigatoria en tódalas Administracións Públicas.

O Concello de Lousame aprobou, no ano 2022, de xeito definitivo a Relación de Postos de Traballo, mediante acordo plenario do día 27/05/2022, cuxa entrada en vigor tivo lugar o día 01/07/2022.

Do mesmo xeito, por aplicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o Concello de Lousame aprobou a súa Oferta de Emprego Público Extraordinaria no 2022, mediante Resolución da Alcaldía 267 do 23/05/2022. As prazas incluídas nesta OEP extraordinaria foron convocadas en decembro de mediante Resolución da Alcaldía 701 do 05/12/2022 e Resolución da Alcaldía 726 do 09/12/2022.

Sen embargo, existían varias situacións que debían ser regularizadas mediante a oportuna modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame:

- 1) *Postos relativos ao Centro de Día.* Nun primeiro momento, estes postos non foron incluídos na RPT, porque non estaba clara cal ía ser a xestión do servizo de cara ao futuro. Sen embargo, a irrupción da Lei 20/2021, do 28 de decembro, obrigou a incluír estas prazas na OEP extraordinaria para a redución do emprego público; xa que cumprían os requisitos para entender que eran prazas estruturais. Presentáronse varios recursos de reposición no período de información pública da RPT que culminaron coa inclusión das ditas prazas na aprobación definitiva da RPT. Sen embargo estes postos, a pesar de estar incluídos na RPT, non están valorados conforme aos seus criterios, e carecen dunha estrutura salarial equiparable ao do resto de postos da RPT. Polo que se está incumprir o mandato recollido no convenio colectivo do Concello de Lousame, que sinala:

**Artigo 71. Réxime xeral.**

1.- Ao obxecto de facilitar unha homologación xeral, e na medida do posible, **das condicións laborais do persoal funcionario e laboral do Concello de Lousame**, e co gallo de facilitar unha xestión homoxénea e integral dos recursos humanos municipais, **as partes asinantes do presente Convenio asumen como obxectivo prioritario, en materia salarial, a aplicación, ao persoal laboral municipal, do mesmo sistema retributivo que o legalmente establecido, en cada momento, para o persoal funcionario ao servizo do Concello** (sen prexuízo das excepcións e/ou particularidades expresamente previstas no presente Convenio ou que, de ser o caso, se poidan derivar da aplicación da lexislación laboral ordinaria); resultándolles aplicables, polo tanto e en cada momento, a estrutura, conceptos, criterios e límites retributivos igualmente aplicables, segundo a normativa vixente ao respecto, aos ditos funcionarios municipais.

2.- A aplicación deste réxime/sistema retributivo requirirá, para a súa plena efectividade, da previa aprobación e entrada en vigor, da RPT municipal e, particularmente, da determinación, no seo da mesma, e no tocante aos postos de persoal laboral (previa valoración obxectiva e con arranxo aos mesmos criterios legais aplicables aos postos de persoal funcionario municipal), do seu nivel de Destino e Complemento Específico (ou, no seu caso, dos conceptos retributivos análogos e/ou substitutivos dos mesmos que, en desenvolvemento do previsto, ao efecto, na Lei do Emprego Público de Galicia, poidan estar vixentes para o persoal funcionario municipal).

- 2) *Postos non incluídos na RPT e si na OEP Extraordinaria.* Existían dous postos (Socorrista e Técnico Minas San Finx) que cumprían os requisitos para ser incluídos na OEP Extraordinaria para a redución da



temporalidade no emprego público. Sen embargo, a pesar desa inclusión e da convocatoria das ditas prazas, os postos non estaban contemplados na RPT do 2022, a pesar de deben considerarse estruturais por aplicación dos criterios da Lei 20/2021 do 28 de decembro. En consecuencia, tampouco as retribucións destes postos respectan o sinalado no Convenio Colectivo do Concello de Lousame. A non inclusión dos postos na RPT non impediu a convocatoria dos postos de traballo, pero era desexable que a modificación da RPT e a fixación das retribucións quedase determinada antes da cobertura regulamentaria das prazas.

- 3) *Corrección do grupo de titulación do posto 5115*, á vista das familias profesionais da rama de actividades físicas deportivas, pasando do grupo IV (C2) ao grupo X (B).
- 4) *Incremento de 2 efectivos máis no posto de traballo con código 4208 (Xerocultor/a)*, necesarios para poder atender a 40 usuarios no Centro de Día e cumprir as ratios marcadas pola normativa sectorial aplicable. O incremento destes efectivos, require a modificación da RPT, a súa inclusión na OEP que corresponda, aprobación da convocatoria e cobertura definitiva das prazas.
- 5) *Incremento do nivel de complemento de destino nunha serie de postos (5116, 4002, 4108, 5118, 5114, 5115, 4207 e 5112)* por aplicación da Disposición Transitoria 6ª do Real Decreto-Ley 6/2023, que fixa uns novos intervalos de niveles para os funcionarios, en función do grupo de pertenza de cada un.

Esta modificación núm. 1 da RPT foi culminada no exercicio 2024, sendo aprobada definitivamente na sesión plenaria do 05/04/2024 (BOP 76 do 18/04/2024).

Ao longo do ano 2025, tramitouse a modificación núm. 2 da RPT, sendo aprobada provisional e definitivamente na sesión plenaria do 24/07/2025 (BOP 194 do 10/10/2025). O obxecto desta modificación núm. 2 da RPT foi o seguinte:

- 1) Posto con código 5114 (Técnico/a de Deportes). Actualmente este posto de traballo ten unha dispoñibilidade "ocasional". Preténdese a súa modificación, pasando a ter unha dispoñibilidade "parcial", para adaptala ao traballo desenvolvido.
- 2) Postos con código 4108 (Auxiliar PAI). Preténdese modificar a denominación do posto de traballo, pasando a denominarse "Técnico/a PAI" e mantendo o resto das características (funcións, grupo de clasificación e complementos salariais). Esta denominación é máis acorde coa titulación mínima esixida para o desempeño do posto (grupo laboral X, equivalente ao B dos funcionarios).
- 3) Postos con código 4208 (Xerocultor/a). Aclárase unha das funcións do posto de traballo (condución do vehículo do Centro de Día)
- 4) Posto con código 5112 (Técnico/a Museo San Finx). Modifícanse as funcións, para adaptalas ao traballo desenvolvido (Uso de dispositivos de cobro (TPV) para pagos de entradas ao Museo)

Aos efectos da súa consulta e emprego, sería desexable efectuar un texto refundido da documentación que conforma a RPT, tendo en conta que o texto vixente atópase disperso en diferentes documentos.

#### ➤ **Posto de Tesourería:**

Finalmente, cabe sinalar que neste intre estase cumprindo o artigo 92 bis da LBRL (introducido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, LRSAL) que sinala que as funcións de tesourería quedan reservadas ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional, sen recoller excepción ningunha en función do número de habitantes.



A DT 7ª da LRSAL, establecía o seguinte réxime transitorio:

<<1. **En tanto no entre en vigor el Reglamento previsto en el artículo 92 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, y en todo aquello que no se oponga a lo dispuesto en esta Ley, mantiene su vigencia la normativa reglamentaria referida a los funcionarios incluidos en el ámbito de aplicación del citado artículo.**

Hasta el 31 de diciembre de 2016, salvo prórroga por la correspondiente Ley de Presupuestos Generales del Estado, excepcionalmente, cuando en las Corporaciones Locales cuya población sea inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe al Pleno, la imposibilidad de que las funciones de tesorería y recaudación sean desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ya sea con carácter definitivo, provisional, acumulación o agrupación, dichas funciones podrán ser ejercidas por funcionarios de carrera de la Diputación Provincial o entidades equivalentes, de acuerdo con lo previsto en el artículo 36 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, o cuando quede acreditado que esto no resulta posible, por funcionarios de carrera que presten servicios en la Corporación Local. En ambos casos, deberán ser funcionarios de carrera y actuarán bajo la coordinación de funcionarios del grupo A1 de las Diputaciones Provinciales o entidades equivalentes>>

Isto era o que acontecía no Concello de Lousame, onde as funcións de Tesourería eran desempeñadas por unha funcionaria de carreira, empregada municipal.

Pero chegado o 01.01.2017 sen que se tivese prorrogado a DT 7ª da LRSAL, e non téndose arbitrado ningunha solución normativa alternativa, resulta que todos os Concellos cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes deberán contar necesariamente cun posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, para exercer a través do mesmo as funcións asignadas á tesourería local.

Por outra banda, o Real Decreto Lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no Orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e estímulo da economía, modifica o réxime dos FHN.

«Artículo 3. Modificación de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local.

Se modifica el apartado 2 del artículo 92 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, que queda redactado como sigue:

1. La escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional se subdivide en las siguientes subescalas:

- a) Secretaría, a la que corresponden las funciones contenidas en el apartado 1.a) anterior.
- b) Intervención-tesorería, a la que corresponden las funciones contenidas en el apartado 1.b).
- c) Secretaría-intervención a la que corresponden las funciones contenidas en los apartados 1.a) y 1.b).»

No ano 2018, entrou en vigor o RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos FHN e se desenvolve o artigo 92 bis da LRBRL. Respecto á Tesourería, o seu artigo 14 sinala:

<<Artículo 14. Tesorería.



1. En las Corporaciones Locales cuya Secretaría esté clasificada en primera o segunda clase, existirá un puesto de trabajo denominado Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones enumeradas en el artículo 5 de este real decreto.

2. Los puestos a que se refiere el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención- Tesorería.

3. Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.<sup>a</sup> y 3.<sup>a</sup>, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.

4. Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 3.<sup>a</sup> podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de tesorería-recaudación en todos los municipios agrupados.

Este puesto está reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, de la subescala de Secretaría-Intervención.

Será aplicable a estas agrupaciones la misma regulación establecida para las agrupaciones de Secretaría e Intervención, en los artículos 9 y 12 de este real decreto”

A Dirección Xeral da Función Pública, dependente da Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, do Ministerio de Facenda e AAPP, ditou uns “Criterios sobre a aplicación da modificación do artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local efectuada polo Real Decreto-Ley 10/2015, do 11 de setembro” de outubro do 2015 onde interpreta:

«Esta modificación implica que desde la entrada en vigor del Real Decreto-Ley (13 de septiembre de 2015), los funcionarios pertenecientes a la Subescala de Secretaría-intervención tienen atribuidas por igual las funciones de secretaría, comprensivas de la fe pública y el asesoramiento legal preceptivo, de control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y de contabilidad, tesorería y recaudación, no pudiendo ser desempeñadas estas funciones por Concejales.

En tanto no exista un desarrollo reglamentario que regule el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, se considera por este Centro Directivo que el desempeño de funciones de tesorería en municipios de menos de 5.000 habitantes podrá articularse mediante alguna de las siguientes posibilidades:

- Mediante agrupación de tesorería, que haya sido establecida por la respectiva Comunidad Autónoma;
- Mediante un puesto de colaboración, reservado a funcionario con habilitación de carácter nacional;
- Mediante la Diputación Provincial o entidades equivalentes o Comunidad Autónoma Uniprovincial que asuma estas funciones a través de sus servicios de asistencia técnica;
- Mediante otro funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional perteneciente a otro Municipio, a través de la acumulación de funciones con su puesto habitual.
- De forma transitoria, con el fin de garantizar la actuación de la Entidad Local respectiva, en aquellos casos en que no sea posible aplicar ninguno de los criterios anteriormente señalados, y en tanto se articule alguno de ellos, la misma persona podrá desempeñar las funciones de secretaría, intervención y de tesorería>>



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Coa aprobación da RPT corrixiuse a situación anterior, onde o posto de Tesourería era desempeñado por un funcionario non pertencente á escala de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A RPT atribúe as funcións de Tesourería ao posto de Secretaría-Intervención, pero contempla a posibilidade de que as funcións de Tesourería poidan ser desempeñadas nun futuro por calquera outra das posibilidades indicadas polo Ministerio. Así o posto ten un Complemento de Destino e Específicos diferentes en función da asunción ou non das funcións propias da Tesourería.

Sen embargo, tamén é preciso salientar as dificultades que supón a asunción de todas estas funcións por unha mesma persoa e a necesidade de dotación de medios persoais e materiais para que as mesmas poidan ser desempeñadas con garantías.

#### **QUINTO: Suficiencia dos créditos iniciais**

Dentro deste apartado teranse en conta os seguintes aspectos:

##### **- Gastos que deben aprobarse por recoñecemento extraxudicial**

Non se inclúe ningún tipo de consignación inicial específica para facturas que deban aprobarse por recoñecemento extraxudicial.

##### **- Resto de previsións de gastos**

Segundo a Memoria e Informe Económico-Financeiro subscritos pola Alcaldía os créditos consignados parecen suficientes para atender os gastos ordinarios de funcionamento do Concello de Lousame.

Sen embargo, só pode garantirse a suficiencia se os Departamentos Xestores do gasto público levan a cabo un estrico cumprimento e seguimento das dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada momento.

#### **SEXTO: Avaliación das previsións de ingresos**

Segundo a Memoria e Informe Económico-Financeiro subscritos pola Alcaldía as previsións de ingresos derivan fundamentalmente dos dereitos liquidados no exercicio anterior, as ordenanzas en vigor e as previsións de ingresos que se van recibir no exercicio 2026 segundo os datos facilitados pola Deputación da Coruña, que se ocupa da recadación dos tributos do capítulo 1.

#### **SÉTIMO: Aforro neto**

O aforro neto é unha das principais magnitudes a ter en conta pola súa relevancia, tanto en materia de autorización de endebedamento, como por reflectir a capacidade de xerar recursos correntes tanto para novo endebedamento como para acometer investimentos.



A DF 31 da LOXE sinala:

<<Las entidades que presenten ahorro neto negativo o un volumen de endeudamiento vivo superior al recogido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, **no podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo**>>.

A continuación preséntase o cálculo do aforro neto, definido no artigo 53.1 TRLFL:

*“(…) A estes efectos entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a diferenza entre os dereitos liquidados por capítulos uno a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigacións recoñecidas polos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.*

*O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. (...)*

**No aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que sexan financiadas con remanente líquido de tesouraría (...)”**

A DA 14ª RDL 20/2011, do 30 de decembro, modificou o cálculo do aforro neto modificando, á súa vez, o artigo 14 do RDL 8/2010, do 20 de maio. Asemade, a DF 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado modificou a DA 14ª RDL 20/2011 desde o 1 de xaneiro de 2013 e con vixencia indefinida no seguinte sentido:

*“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñan a consideración de ingresos ordinarios”.*

### **Primeiro paso: Cálculo da anualidade teórica de amortización**

A continuación detállase o cálculo da anualidade teórica de amortización, tal e como aparece redactado na “Guía para a tramitación e resolución dos expedientes de autorización de endebedamento competencia da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais”

(<http://www.minhap.gob.es/caES/Areas%20Tematicas/Administracion%20Electronica/Paginas/Gu%C3%ADa%20de%20endeudamiento%20local.aspx>):

**“La anualidad teórica de amortización comprensiva de los intereses y cuota de amortización se obtendrá de la suma algebraica de las anualidades teóricas de cada uno de los préstamos concertados y avalados a largo plazo pendientes de reembolso, estén o no dispuestos, incluida la operación u operaciones proyectadas y excluidas las operaciones de crédito garantizadas con hipoteca sobre bienes inmuebles, en proporción a la parte de préstamo afectado por dicha garantía, calculada en términos constantes, aplicando la siguiente fórmula:**

$A = (C \times i) / (1 - (1 + i)^{-n})$ , siendo:



A=Anualidad Teórica.

C= Capital inicial o principal, se halle o no dispuesto a la fecha en que se efectúa el cálculo, debiendo constar ésta en el expediente.

i=Tasa anual equivalente (TAE) que incluya el coste financiero total –intereses y comisiones asociados a la operación, expresado en tanto por uno. Para la operación proyectada se utilizará la TAE prevista a partir de la formalización, según oferta bancaria y para el resto de operaciones se empleará la TAE que se indica en el extracto bancario de la última liquidación de intereses.

n= Duración total del préstamo, incluidos, en su caso, los años de carencia.

Para o cálculo da “Anualidade Teórica de Amortización” é preciso realizar unha estimación do tipo de xuro de referencia, que neste caso, é o euríbor. Sen embargo, no noso suposto non é preciso facer esa estimación para os préstamos que están vixentes, que son os préstamos provinciais e autonómicos, cuxo tipo de xuro é cero.

Os préstamos vixentes a día de hoxe son:

- Os préstamos provinciais (PAI 2015, PAI 2016, Préstamo Provincial 2017, Préstamo Provincial 2018, Préstamo Provincial 2019 e Préstamo Provincial 2020), xa executados, cuxo tipo de xuro é cero.
- Os préstamos do IGVS (Fondo de Cooperación do ano 2022 e 2023), xa executados, cuxo tipo de xuro é cero.

Seguindo estes parámetros, o cálculo da **Anualidade Teórica de Amortización (ATA)**, é o que se indica:

| ENTIDAD                 | PRESTAMO Nº              | IMPORTE FORMALIZADO | TIPO DE XURO | PERIODICIDADE NA LIQUIDACIÓN | PLAZO                   | TIPO A APLICAR | ATA       |
|-------------------------|--------------------------|---------------------|--------------|------------------------------|-------------------------|----------------|-----------|
| DEPUTACIÓN <sup>1</sup> | PAI 2015                 | 175.305,79 €        | 0,00         | Semestral                    | 10 anos + 2 de carencia | 0,00 %         | 17.530,58 |
| DEPUTACIÓN <sup>2</sup> | PAI 2016                 | 174.875,93 €        | 0,00         | Semestral                    | 10 anos + 2 de carencia | 0,00 %         | 17.487,59 |
| DEPUTACIÓN <sup>3</sup> | Préstamo provincial 2017 | 108.484,72 €        | 0,00         | Semestral                    | 10 anos + 2 de carencia | 0,00 %         | 10.848,47 |
| DEPUTACIÓN <sup>4</sup> | Préstamo provincial 2018 | 181.959,08          | 0,00         | Semestral                    | 10 anos + 2 de carencia | 0,00 %         | 18.195,91 |
| DEPUTACIÓN <sup>5</sup> | Préstamo provincial 2019 | 129.034,12          | 0,00         | Semestral                    | 10 anos + 2 de carencia | 0,00 %         | 12.903,41 |
| DEPUTACIÓN <sup>6</sup> | Préstamo provincial 2020 | 130.648,91          | 0,00         | Semestral                    | 10 anos + 2 de carencia | 0,00 %         | 13.064,89 |
| IGVS <sup>7</sup>       | Fondo Cooperación 2022   | 237.158,24          | 0,00         | Anual                        | 8 anos                  | 0,00 %         | 29.644,78 |



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

|                   |                        |           |      |       |        |        |              |
|-------------------|------------------------|-----------|------|-------|--------|--------|--------------|
| IGVS <sup>8</sup> | Fondo Cooperación 2023 | 43.997,78 | 0,00 | Anual | 8 anos | 0,00 % | 5.999,72     |
| ATA TOTAL         |                        |           |      |       |        |        | 125.675,35 € |

**(1) Deputación – PAI 2015:** O importe total do préstamo provincial PAI 2015 quedou fixado en 175.305,79 €, polas baixas na adxudicación das obras que se contrataron con cargo a este préstamo provincial:

| PAI 2015                     |                  |                                   |
|------------------------------|------------------|-----------------------------------|
| Concepto                     | Importe aprobado | Importe concedido tras xustificar |
| Redución endebedamento       | 35.537,97 €      | 35.537,97 €                       |
| Obra "Pousada"               | 49.279,27 €      | 48.779,26 €                       |
| Obra "Luminarias"            | 75.110,02 €      | 58.820,00 €                       |
| Subministración "Colectores" | 30.299,78 €      | 30.168,56 €                       |
| Total                        | 192.227,04 €     | 175.305,79 €                      |

**(2) Deputación – PAI 2016:** O importe total do préstamo provincial PAI 2016 quedou fixado en 174.875,93 €, polas baixas na adxudicación das obras que se contrataron con cargo a este préstamo provincial:

| PAI 2016               |                  |                                   |
|------------------------|------------------|-----------------------------------|
| Concepto               | Importe aprobado | Importe concedido tras xustificar |
| Redución endebedamento | 25.685,74 €      | 25.685,74 €                       |
| Obra "Seoane"          | 78.577,53 €      | 76.055,19 €                       |
| Obra "Silvarredonda"   | 73.158,28 €      | 73.135,00 €                       |
| Total                  | 177.421,55 €     | 174.875,93 €                      |

**(3) Deputación – Préstamo Provincial 2017:** O importe total do préstamo provincial 2017 quedou fixado en 108.848,72 €, polas baixas na adxudicación das obras que se contrataron con cargo a este préstamo provincial:

| Préstamo Provincial 2017 |                  |                                   |
|--------------------------|------------------|-----------------------------------|
| Concepto                 | Importe aprobado | Importe concedido tras xustificar |
| Redución endebedamento   | 12.474,03 €      | 12.474,03 €                       |
| Obra "Planta-Servia"     | 165.051,90 €     | 96.010,69 €                       |
| Total                    | 177.525,93 €     | 108.484,72 €                      |

**(4) Deputación – Préstamo Provincial 2018:** O importe total do préstamo provincial 2018 quedou fixado en 181.959,08 €, polas baixas na adxudicación das obras que se contrataron con cargo a este préstamo provincial:

| Préstamo Provincial 2018 |                  |                                   |
|--------------------------|------------------|-----------------------------------|
| Concepto                 | Importe aprobado | Importe concedido tras xustificar |
| Redución endebedamento   | 47.448,06 €      | 47.448,06 €                       |
| Obra "Cernande"          | 81.526,25 €      | 75.297,65 €                       |
| Obra "Aldarís"           | 64.905,59 €      | 59.213,37 €                       |
| Total                    | 193.879,90 €     | 181.959,08 €                      |



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**(5) Deputación – Préstamo Provincial 2019:** O importe total do préstamo provincial 2019 quedou fixado en 129.034,12 €, polas baixas na adxudicación das obras que se contrataron con cargo a este préstamo provincial:

| Préstamo Provincial 2019 |                  |                                   |
|--------------------------|------------------|-----------------------------------|
| Concepto                 | Importe aprobado | Importe concedido tras xustificar |
| Obra "Béxeres"           | 181.959,08 €     | 129.034,12 €                      |
| Total                    | 181.959,08 €     | <b>129.034,12 €</b>               |

**(6) Deputación – Préstamo Provincial 2020:** O importe total do préstamo provincial 2020 quedou fixado en 130.648,91 €, polas baixas na adxudicación das obras que se contrataron con cargo a este préstamo provincial:

| Préstamo Provincial 2018 |                  |                                   |
|--------------------------|------------------|-----------------------------------|
| Concepto                 | Importe aprobado | Importe concedido tras xustificar |
| Obra "Pousada"           | 58.901,43 €      | 49.368,00 €                       |
| Obra "Vilacova"          | 66.434,45 €      | 48.999,85 €                       |
| Obra "Comparada"         | 38.429,83 €      | 32.281,06 €                       |
| Total                    | 163.765,71 €     | <b>130.648,91 €</b>               |

**(7) IGVS – Fondo de Cooperación 2022:**

| Fondo de Cooperación 2022                                                                                                          |                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| Concepto                                                                                                                           | Importe concedido |
| Redución contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos de Lousame (15% Préstamo Xunta; 85%, DUS 5000 IDAE) | 37.516,05 €       |
| Pavimentación núcleo de Camboño (30% préstamo Xunta, 70% Plan Hurbe)                                                               | 63.052,27 €       |
| Melloras no entorno da Igrexa San Xoan de Lousame                                                                                  | 66.334,11 €       |
| Melloras no lavadoiro de Meixonfrío                                                                                                | 20.710,69 €       |
| Melloras no lavadoiro de Lesende                                                                                                   | 49.545,12 €       |
| Total                                                                                                                              | <b>237.158,24</b> |
| DII aprobadas no 2024/2025, para evitar o sobre-financiamento                                                                      | 7.694,53 €        |
| Total débeda                                                                                                                       | <b>229.463,71</b> |

**(8) IGVS – Fondo de Cooperación 2023:** O importe total do préstamo quedou fixado en 43.997,78 €:

| Fondo de Cooperación 2023                     |                   |
|-----------------------------------------------|-------------------|
| Concepto                                      | Importe concedido |
| Vestuarios campo de fútbol (achega municipal) | 43.997,78 €       |
| Total                                         | <b>43.997,78</b>  |

### Segundo paso: Obtención dos ingresos correntes.

Pártese dos datos da liquidación do exercicio 2024, última aprobada.

1) Total de ingresos correntes:

Procédese ao sumatorio da totalidade dos dereitos recoñecidos dos Capítulos 1 a 5 do Estado de Ingresos, en concepto de netos (despois de anulacións e devolucións). Son os seguintes:



| Capítulo de Ingresos | DRN 2024     |
|----------------------|--------------|
| 1                    | 648.860,75   |
| 2                    | 226.622,30   |
| 3                    | 360.481,48   |
| 4                    | 2.323.712,29 |
| 5                    | 1.560,00     |
| Total Xeral          | 3.561.236,82 |

2) **Axustes aos ingresos correntes:**

Os axustes teñen o fundamento xurídico e económico de reflectir a imaxe fiel da entidade. Estes axustes faranse sobre os *ingresos correntes*, deixando ao marxe os ingresos de capital ou financeiros.

A) **Deducción de ingresos non recurrentes non asociados a un proxecto de gasto.**

Son ingresos que, por non ter carácter ordinario e recorrente, é dicir, “non correntes” na súa vindicación, deben axustarse porque se contabilizan dentro dos ingresos correntes e melloran ficticiamente os ingresos.

Dentro deste apartado inclúense os seguintes ingresos extraordinarios:

- **Aplicación 420.00:** Ingresos relativos aos seguintes conceptos que se consideran “non recurrentes”:

|                                                                                          |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Dotación adicional de recursos do Estado para reintegrar a liquidación negativa PIE 2020 | 92.659,78  |
| Liquidación positiva PIE 2022                                                            | 173.949,88 |
| - Deducción de ingresos non recurrentes                                                  | 266.609,66 |

B) **Ingresos relativos a gastos con financiamento afectado: desviación positiva de natureza corrente.**

Os GFA son proxectos de gasto que se financian, en todo ou en parte, mediante ingresos concretos ou específicos de un ou varios exercicios, sen que necesariamente deban coincidir con aqueles exercicios nos que se realiza o gasto.

O axuste máis relevante e frecuente será o que se practique aos ingresos correntes afectados. Así está consolidado pola LOXE para o ano 2013, ao establecer para o cálculo do aforro neto que nos ingresos correntes, deberán deducirse aqueles que teñan un carácter afectado.

A “Desviación positiva” de natureza corrente son ingresos correntes recoñecidos e destinados a un gasto pendente de recoñecer no orzamento. Se incluíramos o ingreso e non o gasto nun determinado exercicio, teríamos un aforro neto maior do que verdadeiramente existe.



Consultadas as DF + de natureza corrente no exercicio 2024 o resultado é o seguinte:

|   |                                       |            |
|---|---------------------------------------|------------|
| - | DF + de natureza corrente (PG tipo 3) | 175.226,32 |
|---|---------------------------------------|------------|

3) Total de ingresos correntes axustados:

Tras o axustes aplicados anteriormente, os ingresos correntes axustados a ter en conta para o cálculo do aforro neto son os seguintes:

|                                           |                     |
|-------------------------------------------|---------------------|
| TOTAL DE INGRESOS CORRIENTES INICIAIS     | 3.561.236,82        |
| TOTAL AXUSTES REALIZADOS                  | 441.835,98          |
| <b>TOTAL INGRESOS CORRENTES AXUSTADOS</b> | <b>3.119.400,84</b> |

**Terceiro paso: Obtención dos gastos correntes.**

Pártese dos datos da liquidación do exercicio 2024, última aprobada.

1) Total de gastos correntes:

Procédese ao sumatorio da totalidade das obrigas recoñecidas líquidas (despois de anulacións e reintegros) dos capítulos 1, 2 e 4 do Estado de Gastos. Son as seguintes:

| Capítulo de Gastos | ORN 2024     |
|--------------------|--------------|
| 1                  | 1.268.667,48 |
| 2                  | 1.587.431,58 |
| 4                  | 218.656,92   |
| Total Xeral        | 3.074.755,98 |

2) Axustes aos gastos correntes:

Os axustes teñen o fundamento xurídico e económico de reflectir a imaxe fiel da entidade. Estes axustes faranse sobre os *gastos correntes*, deixando ao marxe os ingresos de capital ou financeiros.

A) Gastos con financiamento afectado:

Os GFA son proxectos de gasto que se financian, en todo ou en parte, mediante ingresos concretos ou específicos de un ou varios exercicios, sen que necesariamente deban coincidir con aqueles exercicios nos que se realiza o gasto.



O axuste máis relevante e frecuente será o que se practique en relación ás “*Desviacións negativas de natureza corrente*”: son gastos correntes recoñecidos no exercicio que se financian con ingresos correntes aínda non recoñecidos no orzamento. A falta de aplicación deste axuste implicaría un empeoramento ficticio no cálculo do aforro neto legal.

Consultadas as DF- de natureza corrente no exercicio 2024 o resultado é o seguinte:

|   |                                       |            |
|---|---------------------------------------|------------|
| - | DF - de natureza corrente (PG tipo 3) | 149.196,85 |
|---|---------------------------------------|------------|

B) **Obrigacións recoñecidas nos capítulos 1, 2 e 4 financiadas con RLT:**

As **obrigas recoñecidas nos capítulos 1, 2 e 4 de gastos** no 2024 financiadas con **Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais** son:

- MC 4/2024 (IRC): 12.578,10 €.
- MC 5/2024 (CE): 95.814,97 €
- Total: **108.393,07 €**

|   |                                              |            |
|---|----------------------------------------------|------------|
| - | ORN capítulos 1, 2 y 4 financiadas con RLTGX | 108.393,07 |
|---|----------------------------------------------|------------|

3) **Total de gastos correntes axustados:**

Tras o axustes aplicados anteriormente, os gastos correntes axustados a ter en conta para o cálculo do aforro neto son os seguintes:

|                                          |                     |
|------------------------------------------|---------------------|
| TOTAL DE GASTOS CORRIENTES INICIAIS      | 3.074.755,98        |
| TOTAL AXUSTES REALIZADOS                 | 257.589,92          |
| <b>TOTAL GASTOS CORRIENTES AXUSTADOS</b> | <b>2.817.166,06</b> |

**Cuarto paso: Cálculo do aforro neto.**

Tendo en conta estes datos, procédese a calcular o **aforro neto**:

| Capítulo de Ingresos         | DRN 2024     |
|------------------------------|--------------|
| 1                            | 648.860,75   |
| 2                            | 226.622,30   |
| 3                            | 360.481,48   |
| 4                            | 2.323.712,29 |
| 5                            | 1.560,00     |
| Total Xeral                  | 3.561.236,82 |
| Ingresos extraordinarios (-) | 441.835,98   |



|                    |              |
|--------------------|--------------|
| Ingresos correntes | 3.119.400,84 |
|--------------------|--------------|

  

|                                     |              |
|-------------------------------------|--------------|
| Capítulo de Gastos                  | ORN 2024     |
| 1                                   | 1.268.667,48 |
| 2                                   | 1.587.431,58 |
| 4                                   | 218.656,92   |
| Total Xeral                         | 3.074.755,98 |
| Axustes realizados en gastos<br>(-) | 257.589,92   |
| Gastos correntes                    | 2.817.166,06 |

  

|     |            |
|-----|------------|
| ATA | 125.675,35 |
|-----|------------|

  

|                    |                   |
|--------------------|-------------------|
| <b>AFORRO NETO</b> | <b>176.559,43</b> |
|--------------------|-------------------|

Como vemos, o aforro neto é POSITIVO.

O aforro neto, entendido como o indicador da solvencia que valora o futuro da capacidade da Entidade local de facer fronte ás obrigas xeradas polas operacións de endebedamento sinaladas é de 176.559,43 €.

Inicialmente, ao ser positivo, indica que o municipio tería capacidade de pago para facer fronte aos seus gastos correntes e devolver a débeda contraída relativa ás operacións ás que se fixo referencia.

Ademais dos axustes contemplados para o cálculo do aforro neto, no caso de querer concertar unha nova operación de endebedamento, sería pertinente analizar outra serie de riscos ou axustes que puideran comprometer a capacidade de pago da entidade e que o cálculo do aforro neto non recolle na súa formulación. Estes axustes tamén son determinantes e a súa aplicación persegue amosar a imaxe fiel e transparente do municipio e a súa real capacidade de pagamento.

### **OITAVO: Outras consideracións de carácter económico**

Por parte desta Intervención considérase preciso facer fincapé nos seguintes aspectos de carácter económico:

1. A necesidade de continuar co importante traballo de axilizar e acurtar prazos nas tramitacións das facturas co fin de conseguir un prazo de pagamento inferior aos 30 días, de acordo coa normativa de morosidade.
2. Continuar na liña de contención de gasto e axuste das contratacións ás dispoñibilidades orzamentarias, reforzando a utilización do sistema de proposta de gasto que garante a comprobación da existencia de crédito pola Intervención Municipal.



3. Revisión e axustes das ordenanzas reguladoras dos diferentes tributos municipais, para cumprimentar os principios de boa regulación recollidos no TRLRFL.
4. Revisar os procedementos recadatorios, para mellorar o seu funcionamento.

Púxose en marcha un novo aplicativo informático subministrado pola Excma. Deputación da Coruña, que permite levar a cabo un control e seguimento eficaz e eficiente dos tributos municipais cuxa recadación non estea delegada no ente provincial. Pero a súa correcta utilización e implementación, implica unha dedicación importante de tempo por parte dos empregados municipais para formarse na utilización do programa. E todo isto, sen desatender as súas obrigas ordinarias no posto de traballo.

### **NOVENO: Cuestións relativas ás competencias municipais de acordo coa LRSAL**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece un novo marco na determinación das competencias municipais, determinando unha serie de áreas ou materias nas que os municipios terán competencias propias, nos termos da lei sectorial correspondente. Así, a actuación do concello deberá suxeitarse á dita distribución de competencias. No caso de que non se acredite a existencia do dito título competencial, non se poderá levar a cabo ningunha actuación e, en consecuencia, a realización de ningún gasto.

O Concello de Lousame non acada os 5.000 habitantes, polo que os servizos mínimos que correspóndelle prestar, de acordo co artigo 26 LRBRL, son os seguintes:

- 1 Servizos que se prestarán en tódolos municipios (artigo 26.1.a LRBRL): alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- 2 Servizos que se prestarán nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos
- 3 Servizos que se prestarán nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes: protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.
- 4 Servizos que se prestarán nos municipios con poboación superior a 50.000 habitantes: transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano.

O artigo 25 da LRBRL establece as seguintes competencias propias municipais nos termos da normativa sectorial estatal ou autonómica.

- 1 Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.



- 2 Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- 3 Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- 4 Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- 5 Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, hai que ter en conta a súa disposición transitoria segunda:

*"Disposición transitoria segunda. Asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas aos servizos sociais*

*1. Con data do 31 de decembro de 2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das facendas locais, as Comunidades Autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevían como propias do municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social.*

*As Comunidades Autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seu exercicio se viñese realizando por Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, ou calquera outra entidade local".*

Sen embargo esta DT 2ª da LRSAL foi declarada inconstitucional e nula por sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016 do 3 de marzo (BOE do 08.04.2016)

- 6 Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.
- 7 Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.
- 8 Información e promoción da actividade turística de intereses e ámbito local.
- 9 Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante
- 10 Protección da salubridade pública
- 11 Cemiterios e actividades funerarias
- 12 Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre
- 13 Promoción da cultura e equipamentos culturais
- 14 Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios



de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

- 15 Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e comunicacións.
- 16 Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero (artigo 25.2 letra o); introducida pola DF 1ª do RD-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. BOE 04.08.2018)

### **DÉCIMO. CONCLUSIÓN**

De acordo co anteriormente exposto conclúese que:

- O expediente contén os documentos e anexos esixidos polo TRLRFL.
- A estrutura orzamentaria dos estados de gastos e ingresos axústase ao disposto na Orde EHA/3565/2008 do 3 de decembro, modificada pola OM HAP/419/2014 do 14 de marzo.
- O procedemento de aprobación é o descrito no apartado segundo do presente informe, correspondendo a súa aprobación ao Pleno por maioría simple.
- En canto á análise do estado de ingresos e á suficiencia dos créditos do estado de gastos, o proxecto de orzamento é en liñas xerais realista, sempre e cando se cumpran as premisas que se conteñen na Memoria da Alcaldía e no seu informe económico-financeiro.
- Da análise do Cadro de Persoal, Capítulo 1 e Anexo I, despréndese a corrección da excesiva temporalidade que existía anteriormente nos empregados municipais, non axustada á dereito. A corrección desta situación deriva da execución da OEP Extraordinaria para a redución da temporalidade no emprego público e convocatoria dos procesos selectivos, que culminou coa redución da temporalidade de 23 prazas. Ademais, no exercicio 2023, 2024 e 2025 aprobouse a OEP ordinaria para a cobertura de diversas prazas vacantes. Na data de emisión deste informe a situación é a seguinte:
  - Na OEP Extraordinaria para a redución da temporalidade no emprego público, incluíronse 23 prazas. Culminaron os 20 procesos selectivos, relativos aos postos 1001 (TAX), 4000 (Traballador/a Social Coordinador), 4001 (Traballador Social), 5116 (Técnico Xuventude), 4102 (Educador/a Social), AEDL (1007), Xestor/a Cultural (5118), Técnico de Deportes (5114), 1003 (Administrativo Intervención), 5117 (Administrativo Cultura), 1005 (Auxiliar Administrativo), 3209 (Conserxe), 4108 (2 Auxiliares PAI), 1008 (Auxiliar Admvo Xulgado Paz), 3109 (operario VO e tractorista), 5115 (TAFD), 4207 (Terapeuta), 4208 (3 Xerocultores/as), 5119 (Socorrista) e 5112 (Técnico/a Minas San Finx).
  - Tras a cobertura definitiva das prazas, producíronse 2 vacantes, nos postos 4207 (Terapeuta) e 5112 (Técnico/a Minas San Finx); xa que os aspirantes que superaron os procesos selectivos, unha vez asinado o contrato de traballo (equivalente á súa toma de posesión) solicitaron a excedencia por incompatibilidade, xa que optaron por



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

desempeñar outro posto de traballo dentro do sector público. Estas prazas vacantes deben ser incluídas nunha OEP para a súa cobertura definitiva.

- o Na OEP Ordinaria do 2023, incluíronse as seguintes prazas, para ser cubertas de xeito definitivo: 1004 (Administrativo), 4005 (Auxiliar Administrativo), 3108 (Oficial 2ª VO e Tractorista).
- o Na OEP Ordinaria do 2024, incluíronse as seguintes prazas, para ser cubertas de xeito definitivo: 4208 (2 xerocultoras)
- o Na OEP Ordinaria do 2025, incluíuse a seguinte praza, para ser cuberta de xeito definitivo: 4207 (Terapeuta ocupacional)

En consecuencia, esta Secretaría-Intervención emite informe favorable no relativo aos aspectos de control financeiro e verificación do expediente orzamentario, aínda que coas salvidades que a continuación se sinalan:

- O expediente preséntase fóra do prazo establecido no TRLRFL e RD 500/1990 (artigo 18.4)
- A configuración das retribucións do persoal funcionario (Capítulo 1 e Anexo I) non respecta os límites retributivos do artigo 7 do RD 861/1986; pero é imposible corrixir esta situación sen incrementar o capítulo 1 do Orzamento.

E todo isto, sen prexuízo do que se informe en relación coa estabilidade orzamentaria, que será obxecto de análise nun informe independente.

Este é o meu informe e as recomendacións que considero necesarias e convenientes para unha mellora da situación financeira e orzamentaria desta Administración, sen prexuízo doutra opinión superior tanto en dereito, coma no aspecto económico-financeiro.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero.

*Visto, achéguese ao expediente.*

*O Alcalde, Esteban Ares García*